

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023/2024

1. Representación das familias nos Consellos Escolares do CEIP CASÁS.
2. Representación das familias na assemblea de FAPACEL.
3. Participacións en xuntanzas co equipo directivo do colexio.
4. Xestión de subvencións e outras tarefas administrativas e burocráticas de mantemento da asociación.
5. Organización e supervisión das actividades extraescolares (**baloncesto, patinaxe e natación**)
6. Cine na Rúa da Vicedeputación de Lugo Área de Cultura: "**Os demos de barro**"
7. Ciclo de Teatro afeccionado da Vicedeputación de Lugo Área de Cultura: "**Mudanzas**" con UBÚ TEATRO
8. Obradoiro impartido polo equipo de matronas do Colexio de Enfermería en materia de educación afectivo-sexual para o alumnado de 3º EP: "**Educación afectivo sexual na escola como garantía de igualdade e benestar**"
9. Visita para o alumnado de 4º EP á **COOPERATIVA TERRAS DA MARIÑA** dentro do programa DA ESCOLA Á GRANXA subvencionado pola Deputación de Lugo, Medio Rural.
10. Posta en marcha da Escola de Familias coa impartición de 2 obradoiros: **DISCIPLINA POSITIVA** con Natalia Somoza, actividade subvencionada polo Concello de Lugo.
11. Festa de **SAMAÍN** có concurso de merendas saudables, inchables, mesa de manualidades e animación musical.
12. Festa de **NADAL**: Inchable para os máis peques e maiores, sorteo dunha cesta de Nadal con produtos típicos, xogos tradicionais, mesa de manualidades para a realización de postais solidarias.
13. Venta de lotería de Nadal.
14. Difusión sobre actividades socioculturais no Concello de Lugo e os seus arredores.
15. Difusión de formacións on line e presenciais, organizadas por diferentes entidades de interés para as familias.
16. Organización da actividade "**ROTEIROS SAUDABLES**" pola contorna para toda a Comunidade Educativa:

- Outubro: Ruta dos Muíños no Monte Segade.
 - Novembro: Lugo prehistórico no Monte de Penarrubia, Lugo.
 - Decembro: Visita á granxa AVICAVANATUR, cunha xornada de pastoreo (actividade encadrada no programa DA ESCOLA Á GRANXA, subvencionada pola Deputación de Lugo, Medio Rural).
 - Xaneiro: As Ínsuas do Río Miño, coa colaboración e guía da Casa Das Ínsuas, en Rábade.
 - Febreiro: O bosque da Fervenza, O Corgo.
 - Marzo: Soutomerille, un pobo abandonado, en Castroverde.
 - Abril: Un paseo polo Miño, Lugo. Este cancelouse por falta de inscricións.
 - Maio: O Paseo dos Soños, en Vilalba.
17. Participación no programa de acompañamento **Camiño ás Aulas**, Vieiros Seguros, organizado polo Concello de Lugo.
 18. **CHARLA on line**: "Cómo acompañar a adolescentes e xóvenes no uso seguro e positivo de TikTok", impartida por Cibervoluntarios.
 19. **FORMACIÓN ON LINE: POÑENDO OS LENTES ÁS FAMILIAS, SOBRE VIOLENCIA**. Impartida pola Asociación Amino Galicia, e facilitada pola Xunta de Galicia.
 20. **FORMACIÓN: PARA, PIENSA, CONÉCTATE**. Coa Fundación Cibervoluntarios: foron talleres para o alumnado de 5º e 6º en horario lectivo e un taller para as familias e docentes, que ía a ser presencial, pero debido á falta de inscricións finalmente celebrouse on line, con moi baixa participación.
 21. Curso sobre a cría de aves cinexéticas de Galiza, encadrado dentro do proxecto de innovación educativa: **UNHA EXPERIENCIA DE TRABALLO E APRENDIZAXE MEDIANTE A INCUBACIÓN DE OVOS DE ESPECIES CINEXÉTICAS E DOMÉSTICAS EN COLEXIOS**, levado a cabo pola Federación Galega de Caza, e que consistiu en varias xornadas formativas no centro sobre as diferentes especies de aves, instalación dunha incubadora, seguimento do desenvolvemento embrionario ata a eclosión e nacemento dos pitiños e demostración cun can de traballo educado en positivo.
 22. **FESTA FIN DE CURSO**: Con inchables, animación musical, merenda e festa da espuma.